

IDEA ORIXINAL

ALÉN é unha creación escénica de danza contemporánea interpretada por 4 bailarinas que parte do desexo de habitar o límite. Explora o “máis alá” non como destino, senón como proceso: o momento no que algo remata, pero o novo aínda non tomou forma. Propón unha vivencia poética e sensorial dese espazo intermedio, dese territorio suspendido onde a identidade se dissolve para volver xurdir, transformada.

Nunha proposta dancística dinámica e enerxética, as catro intérpretes móvense na fronteira entre o que fomos e o que estamos a piques de ser.

Trátase dunha proposta moi dinámica e física, cunha enerxía que se mantén en fluxo continuo. O movemento non se detén: evoluciona, transfórmase e despreza novas calidades corporais, creando un tecido escénico en permanente cambio. Esta intensidade física, combinada coa súa natureza ritual, convida o público a mergullarse nunha experiencia sensorial na que o tempo semella suspender a súa lóxica habitual.

SINOPSE

Hai momentos nos que sentimos que algo se rompe por dentro. Non sabemos ben o que vén despois, só que xa non somos quen eramos. Estamos entre dúas augas, entre dous nomes, entre dous mundos. O derradeiro respiro antes do salto.

Nese intre, entre o derrube e o renacemento, nace ALÉN.

FICHA ARTÍSTICA E TÉCNICA

Dirección e autoría: Esther Latorre e Hugo Pereira

Coreografía: Esther Latorre

Repetidora: Estefanía Gómez

Interpretación: Esther Latorre, Paula Urquijo, Xián Martínez e Marc Fernández

Asesoría de movemento (danza tradicional): Iván Villar

Espazo sonoro: José Pablo Polo

Espazo lumínico: Xacobo Castro

Vídeo: Miguel PG – Harria Producciones e Henrique Lamas

Vestuario: Adolfo Domínguez

Fotografía: Sabela Eiriz

Produción: Hugo Pereira · Colectivo Glovo

Coprodución con:

Centro Coreográfico Galego · Axencia Galega das Industrias Culturais · Xunta de Galicia · Colectivo Glovo · Teatro Ensalle · Concello de Lugo · Concello de Ames · El Palacio. Residencias Artísticas y Acción Cultural de Gijón · Seattle International Dance Festival · Teatro de Vila Real (Portugal) · Auditório Municipal de Macedo de Cavaleiros (Portugal)

Duración: 55 minutos